



B A S E S PARA CUBRIR EN RÉXIME DE INTERINIDADE UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A NO CONCELLO DA ESTRADA

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E SISTEMA DE SELECCIÓN-

Ten por obxecto a presente convocatoria cubrir en réxime de interinidade unha praza de arquitecto/a en substitución do seu titular, que se atopa en situación de comisión de servizos, polo procedemento de oposición libre. A devandita praza está integrada, segundo o Estatuto Básico do Empregado Público no Grupo A1, clasificada na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores, dotada do soldo correspondente ao Grupo A1, e o nivel de complemento de destino e cantidade asignada como específico. Así consta no Catálogo de Postos de Traballo do Concello da Estrada.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES-

1.- Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión do título de Arquitecto, expedido con arranxo á lexislación vixente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

2.- Tódolos requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, a lo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario interino, no seu caso.

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Excmo. Concello da Estrada. A instancia (que figura como Anexo II a estas Bases) conterá, ó menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base Segunda da convocatoria, xuntando á instancia a seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade
- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente)
- Certificado/informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias da praza a cubrir.
- Xustificante do pagamento das taxas de inscrición (a cantidade a aboar serán 20,00 euros os cales serán pagados na Tesourería municipal ou a través do seguinte número de conta bancariado BBVA ES17 0182 6246 3202 0036 0191; no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza).

Segundo a ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos "Dereitos de exame" e "Compulsas" ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo Instituto Nacional de Empleo ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma.

2.- O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web do Concello www.aestrada.es e anuncio nun dos diarios de maior difusión na comarca.

3.- A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de A Estrada ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso resulta aconsellable que os aspirantes comuniquen mediante fax ou correo electrónico durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

4.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

CUARTA.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

1.- Rematado o prazo dos dez días hábiles fixado para a presentación de solicitudes a Alcaldía dictará Resolución relativa á aprobación da lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello tendo en conta a interinidade da contratación. No caso de non existir excluídos, a lista será considerada como definitiva.

2.- No caso de existir aspirantes excluídos, disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do acordo, para poder subsanar ou enmendar, no seu caso, o defecto que dera motivo a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándolas ou desestimándolas coa publicación da lista definitiva, así mesmo, no Taboleiro de anuncios.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a, que actuará con voz e voto e tres vogais cos seus correspondentes suplentes

Tódolos membros dos Tribunais deberán posuí-la titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo ó Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vocais titulares que non concorreran á sesión constitutiva e, no seu caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

SEXTA.- COMEZO DOS EXERCIZOS

1.- A data e hora na que deberá constituirse o Tribunal, xunto coa súa composición, determinarase por Resolución da Alcaldía, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data de celebración do primeiro exercicio, a cal publicárase mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.

O Tribunal constituído fixará o día e hora para a elaboración do primeiro exercicio tipo test, do que se dará publicidade no Taboleiro do Concello e na páxina web municipal.

2.- Os aspirantes serán convocados para cada exercizo en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados que serán resoltos motivadamente polo Tribunal.

3.- Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercizo provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

SÉTIMA.- DESENVOLVEMENTO DOS EXERCIZOS DAS PROBAS SELECTIVAS

1.- En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.

2.- A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercizos que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará pola letra "H" de conformidade coa Resolución de 24 de febreiro do 2016 do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas – BOE nº 49 de 26/02/2016. No suposto de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra indicada, a orde de actuación iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comence pola letra seguinte, e así, sucesivamente.

3.- Si en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ó Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsedades observadas ós efectos procedentes.

4.- Concluído cada un dos exercizos da oposición correspondente, o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Anuncios, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

5.- A relación de aprobados en cada exercizo polo Tribunal deberá publicarse no taboleiro de

anuncios, ó menos con 12 horas de antelación, á nova reunión do Tribunal cando se trate do mesmo exercizo e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercizo.

6.- Dende o total remate dun exercizo ou proba ata o comezo do seguinte deberán transcorrer ó menos 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

7.- Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ó previsto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

OITAVA.- EXERCIZOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCIZO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 100 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria (Temarios A e B) durante un período de dúas horas e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

SEGUNDO EXERCIZO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá en desenvolver por escrito , durante un período máximo de dúas horas, un tema de carácter xeral determinado polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse o exercizo, e relacionado co programa que se acompaña á convocatoria (Temario B), aínda que non se ataña a epígrafe concreto do mesmo, tendo os aspirantes ampla liberdade en canto á forma de exposición se refire.

Neste exercizo valorarase a formación xeral universitaria, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita, a aportación persoal do aspirante e a súa capacidade de síntese.

TERCEIRO EXERCIZO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Desenvolverase por escrito, durante un período máxmo de dúas horas, e consistirá na resolución dun suposto práctico que prantexará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercizo, relativo a tarefas propias das funcións asignadas ao posto.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais e libros de consulta dos que acudan provistos.

Neste exercizo valorarase, fundamentalmente, a capacidade de raciocinio, a sistemática no prantexamento e formación de conclusións e o recoñecemento e axeitada interpretación da normativa aplicable.

CUARTO EXERCIZO.- PROBA DE GALEGO

Os aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos, asimesmo, de realizar a proba específica os aspirantes que opten por realizar o segundo exercizo obrigatorio na lingua galega. Os restantes opositores terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos os aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

NOVENA.- CUALIFICACIÓN DOS EXERCIZOS DA OPOSICIÓN.

Cada un dos exercizos obrigatorios e eliminatorios da oposición, serán cualificados de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar cada un dos exercizos e acceder ao seguinte obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

No exame tipo test as respostas incorrectas non descontarán.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercizos obrigatorios e eliminatorios. A orde de colocación dos aspirantes na lista definitiva de aprobados establecerase de maior a menor puntuación.

DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1.- A cualificación obtida polos aspirantes será a resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercizos obrigatorios e eliminatorios..

2.- Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.

3.- O Tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4.- Non obstante, o Tribunal ao cualificar cada uno dos exercizos non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final, os cales nunca poderán supera-lo número de prazas convocadas.

5.- No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercizo e si esto non fora suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercizos ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO E TOMA DE POSESIÓN.

1.- Concluído o proceso selectivo do aspirante aprobado, non podendo exceder en ningún caso das prazas convocadas, será nomeado funcionario interino polo Sr. Alcalde.

2.- A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento; de non tomar posesión no prazo indicado, sen causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada, decaerá dos seus dereitos.

DÉCIMO SEGUNDA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á Administración Municipal, aos Tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

DÉCIMO TERCEIRA.- INCIDENCIAS.

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuio efecto poderá adopta-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO CUARTA.- RECURSOS

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Asimesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de un mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 30/92, de 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I. TEMARIO

Temario A

- 1.- A Constitución Española de 1978. Características, estrutura e contido. A reforma constitucional.
- 2.- Os dereitos fundamentais : evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
- 3.- Os dereitos económicos e sociais na Constitución Española. Principios da economía social.
- 4.- Democracia directa e democracia representativa na Constitución Española. A participación política. Os partidos políticos.
- 5.- O sufraxio. Formas e técnicas de articulación. A Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.
- 6.- A Monarquía Parlamentaria. A Coroa: significado e retribucións. O refrendo.
- 7.- As Cortes Xerais. Composición e funcións.
- 8.- O Goberno. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e o seu Presidente.
- 9.- A función parlamentaria de control de Goberno. Órganos dependentes das Cortes Xerais. O Defensor do Pobo.
- 10.- O Tribunal Constitucional. Organización, composición e atribucións.
- 11.- A Organización Territorial do Estado: regulación constitucional. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
- 12.- Os Estatutos de Autonomía. Significado e contido.
- 13.- O Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia. Estructura. Competencias.
- 14.- O Parlamento de Galicia: composición, funcións e potestades.
- 15.- O Goberno de Galicia. O Presidente da Comunidade o o Consello da Xunta. Composición, designación e remoción. As Consellerías: estrutura básica.
- 16.- Réxime Local Español. Regulación constitucional e normativa xurídica. Liñas xerais de organización do municipio e provincia.
- 17.- O municipio. Historia clases de entes municipais no Dereito español.
- 18.- O termo municipal. A poboación. O Padrón de habitantes.
- 19.- Organización e competencias municipais. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais.
- 20.- Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
- 21.- Autonomía municipal e tutela.
- 22.- Os bens das Entidades Locais. Réxime de utilización dos bens de dominio público.
- 23.- O servizo público na esfera local. Os modos de xestión dos servizos públicos.
- 24.- A Lei de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- 25.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Temario B

- 1.- Evolución histórica do Dereito Urbanístico español.
- 2.- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- 3.- Normativa urbanística aplicable na Comunidade de Galicia. A Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia.
- 4.- Planeamento urbanístico municipal. Determinacións legais e regulamentarias. Ordenanzas Municipais. Determinación sobre redes públicas.
- 5.- Réxime urbanístico do solo. Clasificación do Solo. Dereitos e deberes.

- 6.- O plan básico autonómico e os plans básicos municipais.
- 7.- Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais. Os Plans parciais: Disposicións xerais. Obxecto. Determinacións e documentación. Plans especiais: Finalidades e clases.
- 8.- Delimitacións do solo de núcleo rural. Estudos de detalle. Catálogo de bens e espazos protexidos.
- 9.- Os Plans xerais de ordenación municipal. Formulación e contido. Determinacións. Documentación. Procedemento para a súa aprobación.
- 10.- Vixencia, modificación e revisións dos plans.
- 11.- Execución dos plans. Requisitos previos á actuación. Ámbito de actuación.
- 12.- Delimitación de polígonos de execución. Sistemas de actuación. Principios xerais da execución dos plans. Substitución do sistema.
- 13.- Distribución equitativa de beneficios e cargas. Áreas de repartición. Aproveitamento tipo.
- 14.- O sistema de compensación. Execución directa polos propietarios. Disposicións xerais. Xuntas de compensación. Estatutos e bases. Proxecto de compensación. Execución de obras e cesións.
- 15.- O sistema de cooperación. Proxecto de reparcelación. Criterios e procedemento.
- 16.- Sistema de expropiación. Disposicións xerais. Procedemento do sistema de expropiación. Pago do xustiprezo. Toma de posesión.
- 17.- O sistema de execución forzosa. Características do sistema. Contido e efectos.
- 18.- Réxime de valoración do Solo. Criterios xerais de valoracións do solo e demais dereitos.
- 19.- Intervención da Comunidade de Galicia en actos de uso do Solo, edificación e construción. Calificacións urbanísticas.
- 20.- Intervención Municipal en actos de uso do Solo, construción e edificación. Licenzas Urbanísticas. Competencia e procedemento.
- 21.- Inspección urbanística. Órdes de execución, en especial as relativas á conservación e rehabilitación.
- 22.- Protección da legalidade urbanística. Supostos legais e medidas de protección.
- 23.- A declaración legal de ruína. Ruína legal e ruína física. Intervención do arquitecto nos expedientes de ruína. Informes e dictámenes.
- 24.- Instrumentos de incidencia no mercado inmobiliario. Patrimonio público do Solo. Dereito de tanteo e de retracto.
- 25.- Infraccións urbanísticas. Tipos. Sancións. Prescricións.
- 26.- Normativa urbanística do Concello da Estrada (Plan Xeral de Ordenación Municipal).
- 27.- Infraestruturas xerais viarias, redes arteriais e urbanas. Lei de Carreteras da Comunidade de Galicia.
- 28.- Lexislación sobre Augas e Regulamentos de desenvolvemento.
- 29.- Código Técnico da Edificación. Cumprimento e xustificación nos proxectos de edificación.
- 30.- Construcións escolares. Instalacións deportivas. Cesións gratuitas de terreos para estes fins. Condicións que reunirán os mesmos para a cesión.
- 31.- Vivendas sociais. Vivendas de protección oficial. Normativa. Xestión.
- 32.- Zonas libres. Parques e xardíns. Condicións urbanísticas de ordenación. Xestión para obtención de dotacións libres. Criterios de deseño de zonas libres.
- 33.- Criterios de deseño arquitectónico e urbano en conxuntos históricos. Principios teóricos de restauración e rehabilitación.
- 34.- Clasificación e estudo dos terreos. Naturaleza e composición. Sondeos e análises.
- 35.- Excavacións e explanacións. Modo de realizalas. Aperturas de pozos e zanzas para cimentacións. Entibados, apeos, recheos, terrapléns e taúdes.
- 36.- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia.
- 37.- Normativa vixente en materia de accesibilidade.
- 38.- Lexislación sobre Protección dos Camiños de Santiago.
- 39.- Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (RD 1627/1997). Disposicións xerais. Disposicións específicas de seguridade e saúde durante as fases do proxecto e execución das obras. Evaluación e prevención de riscos en obras e actividades que non requiran proxecto.
- 40.- Normas urbanísticas e culturais na regulación do Patrimonio Arquitectónico.
- 41.- Concepto de Patrimonio histórico, o seu marco constitucional e sistema de pertenza ao mesmo.
- 42.- Lexislación sobre Patrimonio Cultural de Galicia.
- 43.- Forxados. Tipos. Características e aplicacións.
- 44.- Cubertas inclinadas. Criterios de deseño. Materiais de cubrición.
- 45.- Cerramentos e carpinterías exteriores. Cerramentos: tipoloxía e características, revestimentos exteriores. Carpinterías: tipoloxía e características.
- 46.- Defensa dos edificios contra os elementos exteriores. Auga, neve, vento, frío, calor e ruído.
- 47.- Instalación de fontanería. Auga fría e quente. Sistemas e criterios de elección. Execución. Conducións.
- 48.- Instalacións de saneamento: materiais e sistemas. Redes horizontais e verticais.
- 49.- Instalacións de calefacción e acondicionamento do aire. Sistemas. Instalación. Fonte de calor e

producción do frío. Conduccións.

50.- Instalación de electricidade. Iluminación: niveis e tipos. Alumeado de emerxencia.

51.- Defensa contra incendios. Materiais ignífugos e a súa protección. Efectos do lume contra as estruturas. Normativa.

52.- Recoñecemento de edificios. Clasificación do estado de ruína. Sinales de ruína e medidas de previsión.

53.- Acabados interiores. Particións. Pavimentos. Revestimentos en paredes. Falsos teitos.

54.- Técnicas de restauración e consolidación de edificios históricos- artísticos.

55.- Replanteos en xeral. Definición. Replanteo nun edificio. Útiles empregados. Execución dos traballos.

56.- Saneamento e pocería. Materiais e execución. Medición.

57.- Fábricas de ladrillo. Execución. Disposicións constructivas, aparellos, medición.

58.- Solos. A súa función. Partes de que consta. Elementos resistentes e materiais que se empregan. Pavimentos: clases. Medición.

59.- Encofrados. Xeneralidades. Condicións que deben reunir. Materiais e execución. Medición.

60.- Pavimentacións especiais en conxuntos históricos-artísticos.

61.- Mobiliario en conxunto histórico-artístico.

62.- Criterios de deseño e adecuación nos entornos de edificios históricos-artísticos.

63.- Os Bens de Interese Cultural na lexislación sobre Patrimonio. Ordenación xeral e especial.

64.- A Lei 38 / 1999 de Ordenación da Edificación. Ámbito de aplicación e requisitos da edificación.

65.- O proceso edificatorio na LOE.

66.- Criterios de valoración: Principios e definicións. Métodos de valoración.

A Estrada, 8 de abril de 2016
O ALCALDE